

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES COLABORATIVAS PARA TRABALLAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXEMPLO 1

NUBE DE PALABRAS



Observa a foto que ilustra unha noticia. Que vocabulario chave coñeces relacionado co tema texto? Pon en común os teus coñecementos previos construíndo unha nube de palabras colaborativa.

Ferramenta: [Mentimeter](#)

EXEMPLO 2

VOTACIÓN DE TITULARES



Visualiza o vídeo e crea un titular que resuma a idea principal. Compárao cos titulares dos teus compañeiros e vota polo máis axeitado atendendo á súa pertinencia e creatividade.

Ferramenta: [Padlet](#)

EXEMPLO 3

ENCARNACIÓN



Imaxina distintos puntos de vista sobre un tema polémico “encarnados” en personaxes que presentan conflitos de intereses. Realiza un *brainstorming* grupal de argumentos para cada personaxe como preparación para un debate no que cada alumno/a asumirá a identidade dun deles.

Ferramenta: [Coggle](#)

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES COLABORATIVAS PARA TRABALLAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXEMPLO 4

CREBACABEZAS



Resume a porción de contido escrito/oral que che foi adxudicada e transmítella aos teus compañeiros/as de equipo. Escoita e toma notas sobre os seus respectivos resumos. Para rematar, elabora cos teus/túas compañeiros/as un resumo final.

Ferramenta: [Padlet](#) ou [PinUp](#).

EXEMPLO 5

EMOJISTORIAS



Respectando as quendas de fala dos teus compañeiros/as, constrúe progresivamente unha historia a partir das emoticonas que vaian saíndo.

Ferramenta: [Byrdseed - Emoji Generator](#)

EXEMPLO 6

TEXTOS CREATIVOS



Novas tipoloxías textuais características de Youtube. Prepara un guión para un destes textos, grava o vídeo e súbeo á aula virtual:

- Titorial
- Haul
- Vlog
- Tag
- Home Tour
- Reviews
- Lifehacks

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES COLABORATIVAS PARA TRABALLAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXEMPLO 7

ESCRITURA COLABORATIVA



Redacta un texto de xeito cooperativo (un parágrafo por persoa). Escolle unha tipoloxía textual cun formato o máis pechado e guiado posible (ex. unha solicitude ou carta de recomendación). Cada persoa escribe un parágrafo.

Ferramenta: [Mindmeister](#)

EXEMPLO 8

LISTAXES/REPOSITARIOS COLABORATIVOS



Escolma ligazóns a contidos ou vídeos explicativos breves e precisos sobre aspectos relevantes da unidade. Engádeos a un repositorio compartido na nube.

Ferramentas: [Wakelet](#) ou [Symbaloo](#).

EXEMPLO 9

MAPAS MENTAIS



Recada os conceptos chave da unidade asociando e categorizando as ideas nun mapa mental que reflecta as dependencias entre os conceptos. Grava un vídeo explicando as conexións entre as ideas.

Ferramentas : [Coggle](#), [Popplet](#) e [Flipgrid](#).

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES COLABORATIVAS PARA TRABALLAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXEMPLO 10

VLOG LECTOR



Realiza unha análise crítica dunha novela secuenciada gravando un vídeo por capítulo onde expliques as túas recensións (argumento, personaxes, estilo narrativo, figuras literarias, etc). Non esquezas visionar os vídeos dos compañeiros/as e deixar a túa valoración e comentarios.

Ferramenta: [Flipgrid](#).

EXEMPLO 11

AUDIO/VIDEO-DICIONARIOS



Cada alumno/a explica o significado dunha palabra ou concepto chave da unidade nun vídeo ou nota de voz gravada por el/ela mesmo/a. Se a gravación é de vídeo, o alumno/a amosará á cámara unha tarxeta onde se vexa a palabra ou idea que está a definir.

Ferramenta: [Flipgrid](#) (vídeo) [Vocaroo](#) (audio).

EXEMPLO 12

TEXTO TELESCÓPICO



Traballa en equipo a partir dunha oración simple procurando maneiras de expandila e enriquecela con estruturas máis complexas (oracións subordinadas, frases adverbiais, etc). Compara o texto final coas producións dos outros equipos.

Ferramenta: [Telescopic text](#)

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES COLABORATIVAS PARA TRABALLAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXEMPLO 13

CALL MY BLUFF



Traballa en grupo elaborando unha definición correcta e dúas incorrectas da palabra asignada ao teu equipo. Súbeas á plataforma de gamificación e crea unha actividade de revisión de vocabulario colaborativa e divertida.

Ferramenta: [Kahoot](#) e [Quizziz](#)

EXEMPLO 14

TRABALLO POR PROXECTOS



"Aprender facendo". Proxecto: Programa de radio en liña.

Ferramenta: [Webex](#)

EXEMPLO 15

TARXETA DE SAÍDA



Escrebe no taboleiro compartido unha cousa que aprendiches hoxe, outra sobre a que aínda tes dúbidas e un concepto que lle poderías explicar a un compañeiro/a.

Ferramenta: [Pinup](#)

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES COLABORATIVAS PARA TRABALLAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXEMPLO 16

CO-AVALIACIÓN



Traballa por parellas avaliando a expresión oral do teu/túa compañeiro/a atendendo aos criterios lingüísticos recollidos nesta táboa de verificación consensuada co alumnado.

Ferramenta: calquera que permita deseñar unha táboa.

EXEMPLO 17

O CANCELO DO DÍA




Crea 3 cancelos que resuman o que aprendiches hoxe na clase e compárteos cos teus compañeiros. Analiza os resultados e saca conclusións sobre as actividades que funcionaron ben ou as dificultades xurdidas.

Ferramenta: [Mentimeter](#)

EXEMPLO 18

DIANA DE APRENDIZAXE



Avalía a metodoloxía aplicada na aula valorando do un ao cinco os aspectos máis relevantes. (p.ex. Participación, esforzo, compañeirismo, escoita activa, produción, autoavaliación, co-avaliación e produto final).

Ferramenta: [Genially](#)